



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 16 DE NOVEMBRO DE 2021

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Extraordinaria que terá lugar no Salón Azul do Edificio Liceo, o próximo martes 16 de novembro de 2021 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión no Salón Azul do Edificio Liceo é debido a poder manter as distancias de seguridade para cumprir as medidas establecidas en materia de protección fronte á Covid-19

**SEGUNDO.** Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

- 1. Modificación relación de postos de traballo do Concello de Betanzos*
- 2. Servizo de axuda no fogar (SAF) 2022*
- 3. Modificación de Crédito. Modalidade de Suplemento de Crédito financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais e mediante anulacións ou Baixas de Créditos doutras Aplicacións, expediente núm. 54/2021*

**TERCEIRO.** Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O Secretario

María Barral Varela

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Adrián J. Márquez Caramés